

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE OUTUBRO DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 16 de outubro de 2017, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 11 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. David Regades Fernández

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. José Riesgo Boluda  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a e 3a)  
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a e 3a)  
D. Benjamín A. Collazo Rodríguez (asiste aos puntos 2a e 3a)  
D. Luis García Álvarez (asiste ao punto 14a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**2.- Apertura administrativa****a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A. (lotes 1, 2 e 3)
  2. ALTHENIA, S.L. (2 y 3)
  3. FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (lotes 1, 2 e 3)
  4. UTE CESPA CIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES, S.A. - URBASER, S.A. (lotes 1, 2 e 3; porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
  5. CONTENUR, S.L. (lote 1)
  6. UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA - GESECO (lotes 2 e 3; porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
  7. UTE ACCIONA SERVICIOS URBANOS, S.R.L. - CIVIS GLOBAL, S.L.U. (lote 2; porcentaxe de participación na UTE 55%-45%, respectivamente)



## 8. GENERAL DE ASFALTOS Y SERVICIOS, S.L. (lote 3)

**3.- Apertura da documentación técnica****a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos. A presidenta e a secretaria asinan todos os exemplares presentados. Un exemplar de cada proposición queda custodiado pola Secretaría de Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor.

Faise constar que a empresa VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A. presenta un exemplar da súa proposición (un CD por cada lote aos que se presenta -1, 2 e 3-) polo que se fará un copia pola Secretaría da Mesa para incorporar ao expediente.

Asisten á apertura:

- D. Antonio de Marcos García, con DNI 51.872.309-H, en representación de FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.
- D. Guillermo de Cal Alonso, con DNI 02.191.766, en representación de FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.
- D. Miguel Ángel Guerra Martín, con DNI 12.684.851-Y, como particular.
- D. Manuel Brage García, con DNI 32.669.439-D, en representación de FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.
- D. Sergio Fernández Iglesias, con DNI 44.481.329-I, en representación da UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA – GESECO.
- D. José Manuel Sebastián Fernández, con DNI 76.907.155-P, en representación de GESECO.
- D<sup>a</sup>. María do Tránsito Fernández Fernández, con DNI 35.299.919-W, en representación da CIG.
- D. Sebastián A. Rodríguez, con DNI 36.149.420-P, en representación da CIG.
- D. Xacobe Rodríguez Vila, con DNI 36.143.821-B, en representación da sección sindical da CIG en FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.
- D. Jesús Ajuria Fernández, con DNI 50.805.532-G, en representación de CONTENUR, S.L.
- D. Manuel Fernández Balboa, con DNI 35.319.507-V, en representación de URBASER, S.A.
- D. José Carlos Callejo García, con DNI 36.070.533-R, en representación de CONTENUR, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 04:21	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94C-CC3746-56A833-JGUCFQ-KF3L2B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



D. Antonio de Marcos García, representante de FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. formula un rogo á Mesa de Contratación co obxecto de que esta comprobe o número de sobres, o número de copias e a sinatura das ofertas presentadas.

Unha vez comprobados os anteriores extremos, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

#### 14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

**a) Recurso especial en materia de contratación interposto o 28 de setembro de 2017 por D. Diego Camblo Giménez en representación de Asesores Locales Consultoría, S.A. contra a adxudicación do procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración e asistencia técnica, material e informática, nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da Concellaría delegada de Movilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541)**

Entrégase o citado recurso aos membros da Mesa.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 04:21	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94C-CC3746-56A833-JGUCFQ-KF3L2B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		